

Asunto: Contestación ás reclamacións das probas efectuadas na fase de oposición das categorías de "Auxiliar Administrativo", "Xefe de Brigada", "Peón Especialista" e "Peón".

1. O día 30/12/2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 29 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da *Lei 20/2021, do 28 de decembro*, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA).
2. Nas seguintes datas celebráronse na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) as probas de fase de oposición das categorías que se relacionan:
 - Martes, 09/04/2024; categoría: Xefe de Brigada
 - Mércores, 10/04/2024; categorías: Auxiliar Administrativo e Peón Especialista
 - Xoves, 11/04/2024; categoría: Peón
3. Segundo o apartado III.1 das Bases, no prazo de vinte catro (24) horas seguintes da súa celebración publicáronse no portal web www.epseaga.com os contidos de cadanseu exercicio así como as respostas correctas.
4. Foron presentadas diferentes reclamacións contra ditas publicacións que se indican de seguido:
 - Categoría: Auxiliar Administrativo; preguntas: 26), 30), 52), 55) e 56)
 - Categoría: Xefe de Brigada; preguntas: 5), 55), 56) e 57)
 - Categoría: Peón especialista; preguntas: 12), 30), 31), 34), 40) e 48)
 - Categoría: Peón; pregunta: 3) das de Reserva.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Segundo o disposto no punto III.1.6 da Resolución do 29 de decembro de 2022 *se a Comisión de selección, de oficio, ou con base nas reclamación que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización da proba, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicarao no portal web www.epseaga.com.*

Unha vez analizadas as reclamacións presentadas polas persoas aspirantes e as probas por estas efectuadas, a comisión de selección acorda valoralas do seguinte xeito:

1. Categoría **Auxiliar Administrativo**:

- a. **Estimar** as reclamacións contra o exercicio publicado en data do 11/04/2024 das preguntas núm. 30), 52) e 55) polos seguintes motivos:
 - i. A pregunta **30) corríxese** na súa resposta correcta. Sendo a válida a resposta **a)** e non a b).
 - ii. A pregunta **52) anúlase** por ser incorrecta a que se deu por válida. O correcto é: "A distancia á pantalla non será inferior a 40 centímetros".
 - iii. A pregunta **55) anúlase** ao non considerarse unha cuestión relacionada estritamente con temario desta categoría profesional.
- b. **Desestimar** as reclamacións contra o exercicio publicado en data do 11/04/2024 das preguntas núm. 26) e 56) polos seguintes motivos:
 - i. A reclamación á pregunta 26) é desestimada, posto que a infraestrutura básica que permite o intercambio de asentos electrónicos de rexistro entres as Administracións Públicas (AA.PP.) é o Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) (*Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas*). A administración autónoma de Galicia relaciónase de forma ordinaria con outras AA.PP. deste xeito, cumprindo a lei, polo que a pregunta formulada deriva do temario nº 2 ("PROCEDIMENTOS DE REXISTRO"), regulado para a categoría de Auxiliar Administrativo na Resolución do 29.12.2022.





- ii. A reclamación á pregunta 56) é desestimada, posto que o enunciado da pregunta é claro e a súa resposta é correcta. Na reclamación presentada trátase doutro suposto diferente que nada ten que ver co exposto no exercicio.

2. Categoría **Xefe de Brigada**:

- a. **Desestimar** as reclamacións contra o exercicio publicado en data do 10/04/2024 das preguntas 5), 55), 56) e 57) polos seguintes motivos:

- i. A reclamación á pregunta 5) é desestimada, posto que a resposta correcta corresponde coa definición establecida no artigo 8.27 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*.
- ii. A reclamación á pregunta 55) é desestimada, posto que é falso que se deba manter a superficie de curta como única, sendo as outras tres respostas correctas para os labores de apeo manual con serra de cadeas.
- iii. A reclamación á pregunta 56) é desestimada, posto que si se constitúe como regra básica do tallado direccional realizar pequenos cortes laterais para evitar arrincar a fibra da madeira branda, con independencia de que a acción de tallado direccional sexa ordinaria ou puntual na súa periodicidade do traballo.
- iv. A reclamación á pregunta 57) é desestimada, posto que para os traballos que describe a pregunta débese evitar cortar coa punta da espada e nunca deben realizarse as operacións descritas nas outras tres respostas.

3. Categoría **Peón Especialista**:

- a. **Estimar** as reclamacións contra o exercicio publicado en data do 11/04/2024 das preguntas núm. 12) e 48) polos seguintes motivos:

- i. A pregunta **12) anúlase**, posto que a resposta b) é incorrecta para o enunciado da pregunta.
- ii. A pregunta **48) anúlase**, posto que no enunciado non se especifica con que se atopa afectada a pel para poder coñecer o tempo de lavado como medida de prevención.





b. **Desestimar** as reclamacións contra o exercicio publicado en data do 11/04/2024 das preguntas núm. 30), 31), 34) e 40) polos seguintes motivos:

- i. A reclamación á pregunta 30) é desestimada, posto que a resposta d) é certa, incluíndo as respostas a) e b), as cales corresponden coa definición establecida no artigo 2.o) da *Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal*.
- ii. A reclamación á pregunta 31) é desestimada, posto que a resposta correcta corresponde coa definición establecida no artigo 2.e) da *Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal*.
- iii. A reclamación á pregunta 34) é desestimada, posto que o enunciado pregunta por "técnicas posibles" de loita, sendo correcta a resposta d) que xa inclúe as respostas a) e b), ás cales se axustan ao formulado.

4. Categoría **Peón**:

a. **Desestimar** a reclamación contra o exercicio publicado en data do 12/04/2024 da pregunta 3) das de reserva polos seguintes motivos:

- i. A reclamación á pregunta 3) é desestimada, posto que a resposta correcta corresponde coa definición establecida no artigo 2.e) da *Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal*.

Co ata aquí exposto a comisión de selección ACORDA publicar no portal web www.epseaga.com os exercicios corrixidos e coas preguntas anuladas correspondentes ás categorías afectadas: "Auxiliar administrativo" e "Peón Especialista".

Visto e prace

A secretaria:

A presidenta:

Marta Vázquez Rodríguez

Marta Forés Lojo

